



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ANUNCIO

Por decreto de alcaldía de data 26 de febreiro de 2026 ditouse a Resolución de aprobación das Directrices sobre a consulta pública previa no procedemento de elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais do Concello de Monfero, que se publica para xeral coñecemento, no seu literal:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: *Aprobación das Directrices sobre a consulta pública previa no procedemento de elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais do Concello de Monfero;*

EXPEDIENTE: 2026/G003/000081

Tendo en conta o trámite preceptivo que se estableceu como novidade no artigo 133 da Lei 39/2015, de 2 de abril, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, que establece no seu literal:

Artículo 133.

Participación de los ciudadanos en el procedimiento de elaboración de normas con rango de Ley y reglamentos.

1. Con carácter previo a la elaboración del proyecto o anteproyecto de ley o de reglamento, se sustanciará una consulta pública, a través del portal web de la Administración competente en la que se recabará la opinión de los sujetos y de las organizaciones más representativas potencialmente afectados por la futura norma acerca de:

a) Los problemas que se pretenden solucionar con la iniciativa.

b) La necesidad y oportunidad de su aprobación.

c) Los objetivos de la norma.

d) Las posibles soluciones alternativas regulatorias y no regulatorias.

2. Sin perjuicio de la consulta previa a la redacción del texto de la iniciativa, cuando la norma afecte a los derechos e intereses legítimos de las personas, el centro directivo competente publicará el texto en el portal web correspondiente, con el objeto de dar audiencia a los ciudadanos afectados y recabar cuantas aportaciones adicionales puedan hacerse por otras personas o entidades. Asimismo, podrá también recabarse directamente la opinión de las organizaciones o asociaciones reconocidas por ley que agrupen o representen a las personas cuyos derechos o intereses legítimos se vieren afectados por la norma y cuyos fines guarden relación directa con su objeto.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

3. La consulta, audiencia e información públicas reguladas en este artículo deberán realizarse de forma tal que los potenciales destinatarios de la norma y quienes realicen aportaciones sobre ella tengan la posibilidad de emitir su opinión, para lo cual deberán ponerse a su disposición los documentos necesarios, que serán claros, concisos y reunir toda la información precisa para poder pronunciarse sobre la materia.

4. Podrá prescindirse de los trámites de consulta, audiencia e información públicas previstos en este artículo en el caso de normas presupuestarias u organizativas de la Administración General del Estado, la Administración autonómica, la Administración local o de las organizaciones dependientes o vinculadas a éstas, o cuando concurran razones graves de interés público que lo justifiquen.

Cuando la propuesta normativa no tenga un impacto significativo en la actividad económica, no imponga obligaciones relevantes a los destinatarios o regule aspectos parciales de una materia, podrá omitirse la consulta pública regulada en el apartado primero. Si la normativa reguladora del ejercicio de la iniciativa legislativa o de la potestad reglamentaria por una Administración prevé la tramitación urgente de estos procedimientos, la eventual excepción del trámite por esta circunstancia se ajustará a lo previsto en aquella.

Tendo en conta o indicado e co fin de dotarlle de seguridade xurídica a este trámite é necesario aprobar unhas directrices que establezan o procedemento para substancialo. no procedemento de elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais do Concello de Monfero

Visto canto antecede, e no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar as Directrices sobre a consulta pública previa no procedemento de elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais do Concello de Monfero, co seguinte contido:

DIRECTRICES SOBRE A CONSULTA PÚBLICA PREVIA NO PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN DAS ORDENANZAS E REGULAMENTOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONFERO

1. Obxecto.
2. Ámbito de aplicación.
3. Competencia.
4. Contido da consulta pública previa.
5. Prazo e destinatarios/as.
6. Estrutura do punto de acceso para a consulta pública previa.
7. Desenvolvemento da consulta pública previa.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

8. Datos persoais e comunicacións electrónicas.

9. Publicación e entrada en vigor.

1. Obxecto.

1.1. As presentes directrices teñen por obxecto incorporar a consulta pública previa no procedemento para a elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais do Concello de Monfero.

1.2. Con carácter previo á redacción do texto dunha ordenanza ou regulamento municipal, formularase unha consulta pública a través da sede electrónica municipal, <https://sede.monfero.es/sxc/gl/>, e na web municipal <https://www.concellodemonfero.com/>, na que se solicitará a opinión da cidadanía e das organizacións mais representativas potencialmente afectadas pola futura ordenanza ou regulamento, nos termos establecidos no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

1.3 As suxestións ou alegacións que consideren conveniente trasladar os e as interesados/as, segundo o que establecen as presentes directrices, presentaránse por sede electrónica ou no rexistro xeral municipal, así como por calquera das vías de presentación que prevé a Lei 39/2015, de 2 abril.

2. Ámbito de aplicación.

2.1. A consulta pública será esixible con carácter previo á redacción do texto dos proxectos de ordenanzas e regulamentos municipais, resulta conveniente que exista un documento base ou borrador de proxecto que será sometido a consulta.

2.2. Quedarán excluídas do trámite da consulta pública as iniciativas para a aprobación de ordenanzas e regulamentos municipais de carácter orzamentario e fiscal, así como as de contido organizativo que afecten unicamente a aspectos internos da organización administrativa.

2.3. Poderá prescindirse do trámite da consulta pública nos seguintes casos, o que deberá quedar acreditado no expediente:

a) Cando existan razóns graves de interese público que así o xustifiquen.

b) Cando a iniciativa normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia.

3. Competencia.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

3.1. *Corresponderalle á Alcaldía acordar o sometemento ou non a consulta pública das ordenanzas e regulamentos municipais, de forma motivada e xustificada de acordo co sinalado no apartado anterior.*

4. *Contido da consulta pública previa.*

4.1. *A proposta da Alcaldía para o sometemento a consulta previa da iniciativa normativa, conterá como mínimo os seguintes puntos:*

a) *Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.*

b) *As posibles solucións alternativas regulamentarias e non regulamentarias.*

c) *A necesidade e oportunidade da súa aprobación.*

d) *Os obxectivos da norma.*

4.2. *Co obxecto de que os/as destinatarios/as da futura norma poidan manifestarse sobre os aspectos sinalados no punto 4.1, a proposta conterá unha descrición clara e concisa destes, na que se incluírá toda a información e documentación precisa. Así mesmo, a proposta poderá engadir calquera outra información que se considere relevante para a consulta.*

4.3. *Poderán establecerse outras medidas adicionais ou complementarias para incentivar ou fomentar a participación cidadá nas materias que lles afectan, de modo que as disposicións municipais que se vaian aprobando teñan en conta o parecer dos/as seus/súas destinatarios/as.*

5. *Prazo e destinatarios/as.*

5.1. *O prazo xeral para a consulta pública de cada iniciativa será de 15 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación na sede e web municipais do borrador de ordenanza e regulamento. Tamén poderá prorrogarse este prazo por outros 15 días máis se a natureza da ordenanza así o requirise e fora determinado expresamente pola Alcaldía.*

5.2. *Con carácter xeral os/as destinatarios/as da consulta pública serán persoas físicas maiores de 16 anos empadroadas no Concello de Monfero, ou que acrediten a condición de interesados/as, así como as organizacións e asociacións legalmente constituídas que puidesen resultar potencialmente afectadas pola futura norma.*

5.3. *Excepcionalmente a Alcaldía poderá recoller a necesidade motivada de que o criterio establecido no punto 5.2 poida ser ampliado ou restrinxido. No suposto de restrinxirse os/as destinatarios/as deberá de motivarse moi detalladamente as razóns que xustifican este criterio que é a excepción á regra xeral.*

5.4. *Unha vez rematado este prazo, non se admitirán a trámite as alegacións ou suxestións presentadas fóra de prazo, aínda que o contido seguirá estando dispoñible no portal web a título informativo.*

6. *Estrutura do punto de acceso para a consulta pública previa.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

6.1. O espazo do portal web e da sede dedicado á consulta pública previa recollerá una listaxe das iniciativas normativas nas que se encontre aberto este trámite, co título e a data na que finaliza o prazo da consulta. Supletoriamente poderase publicar no taboleiro de anuncios electrónico ou espacio de novas, para dar a maior difusión ao trámite

6.2. O punto de acceso para a consulta pública previa conterá tanto os proxectos normativos sometidos a consulta públicas que teñan aberto o seu prazo de consulta, como aqueles para os que o trámite xa rematara, ao que se poderá acceder aínda que non estea pechado o prazo de consultas.

7. Desenvolvemento da consulta pública previa.

7.1. No portal web e sede municipal figurará nun lugar visible un punto de acceso para a consulta pública previa, del tal xeito que se facilite a participación da cidadanía no procedemento de elaboración da ordenanza ou regulamento municipal.

7.2. Para tales efectos figurará no dito portal o texto completo destas directrices e as indicacións necesarias para o uso da canle que permita á cidadanía manifestar a súa opinión sobre a iniciativa normativa.

7.3. Unha vez rematado o período de consulta previa os servizos municipais correspondentes por razón da materia elaborarán unha certificación co resultado da consulta, indicación do número de participantes, número de opinións emitidas e un resumo das principais suxestións emitidas e a súa conveniencia ou viabilidade para incorporalas á disposición normativa en tramitación. Este certificado se incorporará ao expediente e se dara traslado á Alcaldía aos efectos de consideración para o documento que se someta a aprobación inicial polo Pleno.

8. Datos persoais e comunicacións electrónicas.

8.1. O portal web e a sede electrónica disporá das medidas precisas para garantir a protección dos datos persoais das persoas físicas que queiran intervir na consulta pública previa nos termos previstos na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, (LOPDGDD)

8.2. O portal web disporá das medidas precisas para garantir que as comunicacións electrónicas realizadas durante a tramitación da consulta pública previa posibiliten a constancia da transmisión e recepción das comunicación.

9. Publicación e entrada en vigor.

9.1. Estas directrices serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no portal de transparencia da sede electrónica municipal a efectos de xeral coñecemento Sen embargo, entrarán en vigor dende o momento en que se dicten, para regular un trámite que é preceptivo conforme a Lei básica de aplicación.

SEGUNDO.- Publicar no no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no portal de transparencia da sede electrónica municipal a efectos de xeral coñecemento

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

TERCEIRO.- *Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*

Decreto asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo, do que eu, Ana Ramos Ramos, como Secretaria Xeral, dou fe. (Asinado, por esta última, aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)."

Asinado dixitalmente o Sr. Alcalde en funcións en data 26 de febreiro de 2026